

# Emprendedores/as 2º Trimestre de 2012

## Datos Estadísticos



Departamento de Promoción e Creación de Empresas  
Confederación de Empresarios de La Coruña



## ÍNDICE

---


### Emprendedores/as 2º trimestre de 2012. Datos Estadísticos

<b>Abril 2012</b>	<b>5</b>
<b>Maiο 2012</b>	<b>8</b>
<b>Xuño 2012</b>	<b>11</b>
<b>Conclusiones 2º trimestre 2012</b>	<b>14</b>




Abril 2012

## Xénero do Emprendedor




O gráfico amosa, que durante o mes de abril, a participación do colectivo masculino na actividade emprendedora é significativamente maior que a do feminino, situándose no 75,00% no caso dos homes e no 25,00% no das mulleres.

## Situación Laboral




A maioría dos/as emprendedores/as deciden poñer en marcha os seus propios proxectos emprendedores cando se atopan no desemprego, o que indica que a motivación para emprender é máis por necesidade que por aproveitamento dunha oportunidade.

## Tramos de Idade




O tramo de idade con maior actividade emprendedora é o que comprende idades de entre 31 a 45 anos.

## Estudos Universitarios / F.P.



A participación na actividade emprendedora de persoas con estudos é notablemente superior no caso do colectivo masculino (77,78%) que no feminino (50,00%).

## Gráfico Resumo Abril



Durante o mes de abril o Departamento de Promoción e Creación de Empresas atendeu un total de 24 peticións de asesoramento das que 6 foron realizadas por mulleres e 18 por homes.

O máis destacado deste mes é o seguinte:

- O colectivo masculino mostra unha maior predisposición a emprender que o feminino.
- A maioría dos/as emprendedores/as deciden poñer en marcha os seu proxectos cando se atopan no desemprego.


Maio 2012

## Xénero do Emprendedor



A comparación do índice de actividade emprendedora por sexo reflicte que, durante o mes de maio, non existe diferenza entre homes e mulleres á hora de emprender.


## Situación Laboral



O gráfico amosa que non existe gran diferenza de comportamento entre homes e mulleres á hora de emprender, en ambos os dous casos observamos que a motivación para emprender é máis por necesidade, posto que a maioría dos/as emprendedores/as proceden do desemprego, que por aproveitamento dunha oportunidade, aínda que existe unha importante porcentaxe de homes e mulleres (20,00%) que deciden emprender atopándose en activo.




## Tramos de Idade




O tramo de idade que presenta maior actividade emprendedora segue sendo o que comprende idades de entre 31 a 45 anos, pero durante este mes de maio podemos destacar a importante porcentaxe de emprendedores/as que deciden poñer en marcha os seus propios proxectos en idades máis temperáns, o 25% no caso do colectivo masculino e o 20,00% no caso do colectivo feminino e en idades máis avanzadas (maiores de 45 anos), o 26,67% no caso do colectivo masculino e o 20,00% no caso do colectivo feminino.

## Estudos Universitarios / F.P.



En cando ao nivel de formación, existe unha pequena diferenza entre ambos sexos, o 80,00% dos homes que deciden emprender teñen estudos universitarios ou de formación profesional, mentres que no caso das mulleres a porcentaxe é un pouco inferior (73,33%).

### Gráfico Resumo Maio



Durante o mes de maio o Departamento de Promoción e Creación de Empresas recibiu un total de 30 consultas, das que 15 foron realizadas por mulleres e 15 por homes.

O máis destacado deste mes é o seguinte:

- A maioría dos/as emprendedores/as que deciden poñer en marcha o seu propio proxecto emprendedor proveñen do desemprego, aínda que existe unha porcentaxe significativa de emprendedores que deciden emprender estando en activo.
- No mes de maio non existe diferenza entre ambos sexos á hora de emprender.


Xuño

## Xénero do Emprendedor




A comparación do índice de actividade emprendedora por sexo reflicte que, durante o mes de xuño, o colectivo masculino mostra maior predisposición a emprender que o colectivo feminino.

## Situación Laboral




O gráfico amosa que a maioría dos/as emprendedores/as deciden poñer en marcha o seu negocio buscando unha alternativa ao desemprego, aínda que, cabe destacar a importante porcentaxe de mulleres que deciden emprender atopándose en activo (22,22%).

## Tramos de Idade




O tramo de idade que presenta maior actividade emprendedora é o que comprende idades de entre 31 a 45 anos de idade, aínda que existen outros tramos de idade que presentan importantes porcentaxes de participación, como é o caso do colectivo de maiores de 45 anos de idade.

## Estudos Universitarios / F.P.



A participación na actividade emprendedora de persoas con estudos é superior no caso do colectivo feminino (77,78%) que no colectivo masculino (63,64%), con todo a maior parte dos/as emprendedores/as que deciden poñer en marcha o seu propio negocio posúen estudos universitarios ou de formación profesional.

## Gráfico Resumo Xuño



Durante o mes de xuño de 2012, o Departamento de Promoción e Creación de Empresas asesorou un total de 20 consultas, das que 11 foron realizadas por homes e 9 por mulleres.

O máis destacado deste mes é o seguinte:


- Aínda que a maioría dos/as emprendedores/as deciden poñer en marcha os seus proxectos cando se atopan no desemprego, existe unha importante porcentaxe de mulleres que deciden emprender atopándose en activo (22,22%).
- Existe unha importante porcentaxe de emprendedores/as que deciden emprender a partir dos 45 anos de idade, aínda que o tramo de idade que presenta maior actividade emprendedora segue sendo o que comprende idades de entre os 31 aso 45 anos.

## Conclusiones do 2º trimestre 2012

Durante o segundo trimestre de 2012 o Departamento de Promoción e Creación de Empresas da Confederación de Empresarios de La Coruña asesorou a un total de 74 emprendedores/as (30 mulleres e 44 homes).

Despois de estudar as características dos/as emprendedores/as do segundo trimestre de 2012 podemos concluír o seguinte:


- A comparación do índice de actividade emprendedora por sexo reflicte que, durante o segundo trimestre de 2012, hai unha maior predisposición á emprender por parte do colectivo masculino cunha porcentaxe do 59,46%.



- A idade media dos/as emprendedores/as é de 35 anos.
- O perfil medio, en ambos os sexos, é de emprendedores/as cun nivel de formación medio.

En canto ás características dos proxectos levados a cabo polos/as emprendedores/as podemos destacar o seguinte:

- A forma xurídica que predomina é Autónomo (69,44 %) seguido de Sociedade Limitada (16,94%).



- A actividade en fase emprendedora componse maioritariamente de iniciativas que, ou ben só proporcionan emprego ao/á emprendedor/a, ou xeran pouco emprego.
- O principal sector de actividade elixido por ambos os sexos ao longo do segundo trimestre de 2012 é o sector de comercio por xunto e polo miúdo (32,43%) seguido de actividades profesionais, científicas e técnicas (18,92%) e hostalería (14,86%) .















Departamento de Promoción e Creación de Empresas  
Confederación de Empresarios de La Coruña

Praza Luis Seoane, torre 1, entrepl.  
15008 A Coruña  
Tfno.: 981 133 702  
Fax: 981 132 598

R/ Eduardo Pondal, nº 8, baixo  
15702 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 558 456  
Fax: 981 562 914



Fondo Social Europeo

